# LECTORES EXPERTOS




***"AS PERIPECIAS DE EXTRAVAGANZZA PÉREZ"***
**Ledicia Costas. Ed. Xerais**
A protagonista é unha nena peculiar, valente e coas ideas claras, pero con moita personalidade, que percorre o mundo visitando diferentes ecosistemas.




***"ESCAQUIS E ROMEU"***
**Manuel Antonio Fraga. Xerais**
A vida do barbeiro Romeu transcorría tranquila ata que unha noite de treboada Escaquis apareceu para poñer patas arriba a súa existencia.






***"APESTOSO TÍO MUFFIN"***
**Pedro Mañas. Ed. Anaya**
Mr. Muffin probou de todo para liberarse do mal cheiro que o persegue. O pobre parece atraer a porcallada, así que leva unha vida solitaria chea de xabón e aburrimento. Ata que un día...

***"LOS MELLIZOS DETECTIVES"***
**David Pedrera. Ed. Edelvives**
Libro-xogo con información real sobre Nueva York e humor.
No Museo Metropolitano de Nueva York roubaron un famoso cadro. A Interpol acode aos mellizos detectives para que atrapen ao ladrón.




EN FAMILIA

***"PIONEIRAS"***
**Anair Rodríguez. Ed. Kalandraka**
Este libro fala de doce mulleres que conseguiron vencer as barreiras impostas ao seu xénero e dar os primeiros pasos por vieiros transitados ata ese momento só por homes.




# EFEMÉRIDES LITERARIAS 2018

**Letras Galegas:**
***Mª VICTORIA MORENO***




- 50 anos da publicación de ***"Os soños na gaiola"*** de **Manuel María**
- 25 anos da publicación de "***Rapazas"*** de **Agustín Fernández Paz**










**Webs e Blogs:**

http://bibliotecasredondela.blogspot.com
http://biblioblogreboreda.blogspot.com
http://onovolardeigrexiño.blogspot.com
www.edu.xunta.es/centros/ceipcedeira
www.biblioxaquin.blogspot.com
http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo
http://outeirodematilda.blogspot.com
http://centros.edu.xunta.es/cepsantamarina



Bibliotecas escolares de Galicia

www.bibliotecaportocabeiro.blogspot.com

**BIBLIOTECAS ESCOLARES E MUNICIPAIS DE REDONDELA**

# SUXESTIÓNS LECTORAS VERÁN 2018



No verán,
para vivir aventuras
cunha boa lectura

**CEIP PORTO CABEIRO**

# PRELECTORES




### *"DEZ DEDOS NAS MANS E DEZ DEDAS NOS PÉS"*

**Mem Fox. Ed. Kalandraka**

Álbum ilustrado cun sinxelo texto rimado. Dende o Ártico ao deserto todos os bebés nacen con dez dedos nas mans e dez dedas nos pés.

### *"A MIÑA VOZ"*

**José Fragoso. Ed. Narval**

Este libro ilustrado divertirá, ensinará e fará que os nenos pensen mentres xogan, conversan e experimentan coa súa voz.







### *"¡VALENTINA!"*

**Lena Mazilu. Ed. Kókinos**

Na súa aventura no bosque descubrirá as sombras, os sons, facendo amigos e atopando a valentía que non cría ter. O libro contén unha aplicación gratuita de realidade aumentada.

### *"¡LOS OSOS NO LEEN!"*

**Emma Chichester . Ed. Harper Kids**

George non se conforma con observar o que pasa ao seu redor. El é diferente e busca algo máis alá que só pode atopar na lectura.







### *"PAPÁ, POR FAVOR CONSÍGUEME LA LUNA"*

**Eric Carle . Ed. Kókinos**

Mónica quería xogar coa lúa e pediulle a seu pai que a baixase. El colleu unha escaleira e trepou ata chegar á lúa. Pero era demasiado grande...

# PRIMEIROS LECTORES




### *"O COCIÑEIRO MARTIÑO E AS CENORIAS DESAPARECIDAS"*

**Iago López. Ed. Xerais**

É a festa de aniversario do rei e o cociñeiro Martiño quere preparar a súa mellor torta de cenoria. Mais cando vai á horta as cenorias desapareceran!

### *"IRMÁNS!"*

**Rocío Bonilla. Editorial Algar**

Ter un irmán ou unha irmá pode ser moi molesto, ou un rollo! Pero ás veces os irmáns son de gran axuda e xuntos viven momentos moi divertidos.







### *"NUEVE FORMAS DE NO PISAR UN CHARCO"*

**Susanna Isern. Ed. Takatuka**

Sempre que tratamos de evitar unha cousa, apetécenos máis facela, e os esforzos por evitala poden acabar en fracaso.

### *"EL MONSTRUO DEL ARMARIO EXISTE… ¡Y TE LO VOY A DEMOSTRAR!"*

**Antoine Dole. Ed. Algar**

Quen cres que deixa o cuarto patas arriba? Onde se meteu o outro calcetín?... O pequeno da casa di que foi o monstruo do armario.Crerano os seus pais? E sobre todo, que pensará o propio monstruo disto?






# LECTORES AUTÓNOMOS

### *"A BIBLIOTECA DE PEDRARCANA"*

**Carlos Taboada. Ed. Xerais**

En Pedrarcana case nunca pasa nada interesante. Mais cando chegou Alexandra a traballar na biblioteca as cousas comezaron a mudar.







### *"A EXTRAÑA AVENTURA DE MANOLIÑO SINGAPUR"*

**Xoan Babarro. Ed. Émbora**

Imaxina que unha avelaíña chega á pantalla do teu ordenador cunha chamada de auxilio procedente dunha descoñecida páxina web. Imaxina que para axudala tes que facerte amigo dun virus informático...

### *"COMO COCINAR PRINCESAS"*

**Ana Martínez Castillo**

**Ed. Nubeocho**

Manual de cociña para as bruxas de todo o mundo. Contén receitas de como cociñar: tortilla de Bela Durminte, hoxaldre de Riciños de Ouro...







### *"TEO MUCHOSDEDOS"*

**Catalina González. Ed. Abuenpaso**

Teo é un home moi traballador. Un día o equilibrio da súa vida na granxa vese roto pola aparición do rico Damián del Oro, que pretende someter a Teo para convertir co seu traballo amplas propiedades nos máis belos xardíns.

## MÚSICA

**"CAMIÑOS"** Magín Blanco. Libro CD




## POESÍA




**"VERSOS DE LA TIERRA"** SM

Poemas sobre volcáns, montañas, ríos… para primeiros lectores.

## LIBRO XOGO




### *"LOOK! DR. BUENAVISTA"*

**Enric Jardí**

**Ed. Combel**

Ilusións ópticas para que poñas a proba a vista e o cerebro.

(+ 7 anos)

## CIENCIA




### *"EL GRAN LIBRO DEL MAR"*

**Yuval Zommer. Ed. Juventud**

Sobre fauna mariña (+ 6 anos)

### *"INVENTARIO ILUSTRADO DE DINOSAURIOS"*

**Virginie Aladjidi. Kalandraka**

### *"HERBARIO"*

**Adrienne Barman. Libros del Zorro Rojo**

Enciclopedia visual de plantas e flores. Con información e un toque de humor (+ 6 anos)